

Acta da sesión extraordinaria do Plenario do Concello de Cerceda do día 2 de xullo de 2019.

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo as 8:03 horas do día 2 de xullo de 2019, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

Asistentes:

Grupo Municipal Socialista:

D. José García Liñares.
D. Juan José Rodríguez García.
Dna. Cristina Capelan Cancelo.
D. Francisco Javier Boquete Cambón.
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.
D. Jesús Rama Bello
Dna. Catrina Queijo García

Grupo Municipal Popular:

D. José Francisco Santos Regueiro
Dna. Celia López Pallas.
Dna. Lorena Garcia Juncal
D. Jesus Picon Pardo

Grupo Municipal Mixto:

D. Alberto Sanchez Regueiro (que se incorpora no momento sinalado no acta).

Non asiste a concelleira Dna. Luz María Bello Vazquez, do Grupo Municipal do PP.

A Presidencia, tras comprobar nos términos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

Orde do día

Acordos

Primeiro. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía-Presidencia sobre o réxime de periodicidade das sesións do Concello Pleno.

Segundo. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía-Presidencia de creación e composición por grupos municipais das Comisións Informativas permanentes.

Terceiro. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía-Presidencia de asignación económica ós Grupos Municipais.

Cuarto. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía-Presidencia do réxime de retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación.

Quinto. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía-Presidencia de nomeamento dos representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan de competencia plenaria.

Sexto. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía-Presidencia de creación dunha praza de persoal eventual.

Sétimo. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía-Presidencia de creación da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cerceda.

Octavo. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía-Presidencia para a delegación das atribucións en materia contractual e patrimonial do Pleno na Xunta de Goberno Local.

Noveno. Dación de conta das resolucións da Alcaldía-Presidencia pola que se nomean Tenentes de Alcalde, vocais da Xunta de Goberno local e outros, así como de creación de áreas de goberno e delegacións conferidas.

Acordos

Primeiro. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía-Presidencia sobre o réxime de periodicidade das sesións do Concello Pleno.

Pola Alcaldía procédese ca lectura da proposta que se transcribe:

“Según do estipulado no art. 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que establece que nos 30 días seguintes ó da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de determinar a periodicidade das sesións plenarias.

Tendo en conta que o art. 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que establece que o Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses no concellos dos municipios con poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes.

No exercizo da atribución que se establece nos arts. 21.1 a. e 21.1 c. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proponse ó Concello Pleno o seguinte

Acordo

Primeiro e único. O Pleno celebrará sesións ordinarias con carácter periódico, o último xoves de cada mes impar, ás vinte e unha horas. No caso de ser día inhábil, poderá celebrarse o día hábil anterior.”

**Intervencións: Non se producen.*

Sometida a votación ordinaria pola Presidencia, a proposta resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

Segundo. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía-Presidencia de creación e composición por grupos municipais das Comisións Informativas permanentes.

A Presidencia procede á lectura da proposta que se transcribe de seguido:

“Visto o art. 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que establece, entre outras cousas, que nos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de determinar a creación e composición das Comisiones Informativas Permanentes.

Tendo en conta o art. 20.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que establece que nos municipios de máis de cinco mil habitantes existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que se someteran á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen perxuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno. Todos os grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar nestes órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos, en proporción a súa representatividade no Pleno.

Visto o artigo 20.1 e) da citada lei que establece que a Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios.

Tendo en conta o anterior, e o artigo 125 do Real Decreto 2568/1986, pola Alcaldía propónse ao Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Primeiro. As Comisións Informativas Permanentes que se crean son: Comisión Informativa Xeral e Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas.

Segundo. A Comisión Informativa Xeral terá por obxecto o estudo, informe ou consulta de todos os asuntos que deban someterse á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen perxuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno, en todas as materias de competencia municipal, entre outras, urbanismo, ordenación do territorio, infraestructuras, turismo, industria, desenvolvemento local, emprego, servizos, relacións veciñais, festas, deportes, cultura, contratación, educación, sanidade, servizos sociais, función pública, persoal, medios de comunicación, seguridade cidadá, medio ambiente, agricultura, gandería, muller e xuventude, agás as que lle corresponden á Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas.

Estará composta por todos os concelleiros/as que integran da Corporación Municipal.

Terceiro. A Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas terá por obxecto o estudo, informe ou consulta de todos os asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten

delegacións, sen perxuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno, en todas as materias relacionadas coa economía e facenda, entre outras, orzamento, aprobación de operacións financeiras ou de crédito de competencia plenaria, ordenanzas fiscais, contribucións especiais, recaudación, subvencións, modificación e habilitación de créditos. Tamén asumirá as materias propias da Comisión Especial de Contas indicadas no artigo 127 do Real Decreto 2568/1986 e artigo 67 da Lei 5/1997.

Estará composta por do seguinte modo:

-Grupo municipal PSG-PSOE: catro concelleiros, entre os que estará o Sr. Alcalde como Presidente nato.

-Grupo municipal PP: dous concelleiro/a designado polo grupo.

-Grupo municipal Mixto: un concelleiro designado polo grupo.

Cuarto. A Presidencia das Comisións Informativas corresponde ao Sr. Alcalde, poderase delegar a Presidencia efectiva en calquer membro da Corporación a proposta da propia comisión, tras a súa elección no seu seno. A delegación da Presidencia levarase a cabo mediante Decreto da Alcaldía e darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.”

**Intervencións: Non se producen.*

Sometido a votación ordinaria pola Presidencia, a proposta resulta aprobada por unanimidade da Corporación.

Terceiro. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía- Presidencia de asignación económica ós Grupos Municipais.

A Alcaldía da lectura á proposta que se transcribe a continuación:

“Visto o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de aprobación do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que establece que dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de determinar a nova organización municipal.

Visto o artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local, que establece a obriga dos membros das Corporacións Locais, a efectos da súa actuación corporativa, a constituirse en grupos políticos.

Así mesmo, visto o artigo 73.3 da citada lei que establece que o Pleno da Corporación, con cargo aos orzamentos anuais, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, sen que poida destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquer tipo ao servizo da Corporación ou a adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial. Recordando que deberán levar unha contabilidade específica desta dotación.

Considerando que procede no Concello de Cerceda adoptar este acordo para facilitar aos distintos grupos políticos existentes a súa labor desde o punto de vista económico, e no exercizo da atribución conferida polo artigo 21.1 a. e 21.1 c. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propónse ó Concello Pleno o seguinte

Acordo

Primeiro. Aprobar a seguinte asignación aos grupos políticos existentes no

Concello de Cerceda (PSOE, PP e BNG), dotación que se distribuirá do seguinte xeito:

-Unha cota fixa mensual a cada grupo político de 50,00 euros.

-Unha cota mensual variable en función do número de concelleiros de cada grupo de maneira que por cada concelleiro, o grupo correspondente perciba 50,00 euros.

Segundo. Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación, que porán a disposición do Pleno cando este o solicite. Os límites destes gastos determinaos a Lei 7/1985, ao indicar que debe tratarse de gastos de funcionamento e que, en ningún caso, poderá destinarse ó pagamento de retribucións ou de adquisición de bens de investimento. A modo indicativo trataríase de gastos correntes que sexan imprescindibles para o grupo político en canto ó desenvolvemento da función de servizo público que cumpren. A saber: material de oficina, arrendamento de local, luz, auga, teléfono, publicidade, gastos de limpeza e calquer outro indispensable para o funcionamento do grupo. Por tratarse de asignacións económicas a grupos políticos, e non a partidos políticos, non se poderá destinar esta asignación para fins electorais como campañas, publicidade etc.

Terceiro. En canto á xustificación da asignación, na primeira quincena dos meses de xullo e decembro, o voceiro de cada grupo municipal deberá presentar declaración responsable na que expresará que a asignación será empregada nos termos establecidos na normativa vixente, a efectos de fiscalización e pago pola Intervención municipal.

Cuarto. O pago realízase por transferencia á conta bancaria titularidade de cada un dos grupos políticos, unha vez presentada a declaración responsable e aprobado o gasto polo órgano competente.”

[Neste momento incorporase a sesión o concelleiro D. Alberto Sánchez Regueiro.]

**Intervencións que se citan:*

Pregunta o Sr. Santos que si se pode doar o partido esta aportación, ao que contesta a Presidencia que terán que decilo a Secretaría e a Intervención.

O Sr. Sánchez asegura que lle gustaría máis ter un local que os cartos; ao que responde a Presidencia dicindo que o Concello non dispón de locais.

Sometida a proposta a votación ordinaria, resulta aprobada por sete votos a favor e cinco abstencións.

Cuarto. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía-Presidencia do réxime de retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación.

A Presidencia da lectura da proposta que se transcribe a continuación:

“Visto o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de aprobación do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que establece que dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de determinar a nova organización municipal.

Vistos os artigos 75.4 e 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local, que establece que os membros das Corporacións Locais poden percibir retribucións polo exercicio do seu cargo, tanto en

régime de dedicación exclusiva, así como, no caso de que non se perciban retribucións por dedicación exclusiva nin parcial, asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Coproración, na contía sinalada polo propio Concello Pleno. Correspondelle, así mesmo, o réxime de desenvolvemento das normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas no que se refire ás indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercizo do seu cargo.

Visto o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximo Xurídico das Entidades Locais, en adiante ROF, que tras reiterar o anterior, indica que o Pleno corporativo, a proposta do Presidente, determinará, dentro da consignación global contida no orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de adicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grado de responsabilidade.

Polo demáis, o citado artigo 75.5 da LBRL preceptúa que os acordos plenarios referentes as retribucións dos cargos don dedicación exclusiva ou parcial, así como o réxime de indemnizacións e asistencias deberán publicarse íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

No exercizo da atribución conferida polo artigo 21.1 a. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propónse polo tanto ó Concello Pleno o seguinte

Acordo

Primeiro. A relación de cargos que deberán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva, coa súa correspondente retribución bruta anual:

- Concellaría de Área de Cultura e Educación: 32.000 euros.
- Concellaría de Área de Benestar Social, Igualdade e Participación Cidadá: 32.000 euros.

Dedicación exclusiva parcial (37,50%), con horario diario de 12 a 15 horas, coa súa correspondente retribución bruta anual:

- Concellaría da Area de Vida Saudable, Promoción do Medio Rural, Parroquias e Comercio: 12.000 euros.

Segundo. Os membros da Corporación municipal que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán pola asistencia a cada sesión ou reunión que celebren os órganos colegiados municipais as seguintes contías:

- Sesión plenaria: 150 euros.
- Comisión Informativa: 150 euros.
- Xunta de Goberno Local: 250 euros.
- Mesa de contratación: 150 euros

Non se poderá percibir máis dunha asistencia ao día, no caso de que coincidirán dous ou máis actos.

Terceiro. As indemnizacións se rexirán polo establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo, para o Grupo I.

Cuarto. Publicar íntegramente o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Portal de Transparencia do Concello e no Taboleiro de Edictos do Concello.”

**Intervencións que se citan:*

O Sr. Santos considera que as asistencias a Pleno deberían ter a indemnización máis alta que as da Xunta de Goberno. E asegura que votarían a favor si son, polo menos, iguais ó resto.

O Alcalde rexeita a proposta do voceiro do Grupo municipal do PP e contesta que as van manter igual.

Dando por terminadas as intervencións, a Presidencia somete a proposta a votación ordinaria na que resulta aprobada por sete votos a favor e cinco abstencións.

Quinto. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía- Presidencia de nomeamento dos representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan de competencia plenaria.

A Presidencia da lectura á seguinte proposta que se trascribe:

“Visto o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que establece que dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de determinar o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan competencia do Pleno.

Tendo en conta o anterior, e o artigo 125 do Real Decreto 2568/1986, pola Alcaldía proponse ao Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Primeiro e único. Nomear as seguintes persoas como representantes da Corporación nos órganos colexiados:

Representante na Mancomunidade de Ordes: José García Liñares e suplente Francisco Boquete Cambón.

Representantes no Consello de Administración de RTVC: José García Liñares, Cristina Capelan Cancelo, e un membro dos grupos políticos da oposición, que deberán comunicar a esta Alcaldía no prazo de cinco días contados dende a adopción do presente acordo, mediante escrito suscrito por todos os concelleiros/as da oposición. De non ser así, nomearase por resolución da alcaldía dando conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Representante no Consorcio Galego de Servizos Sociais: Juan Manuel Rodríguez García e suplente Cristina Capelan Cancelo.”

**Intervencións que se citan:*

O Sr. Santos dí que o seu Grupo renuncia ao posto que lle corresponde no Consello da Sociedade Radio Televisión de Cerceda. Nese momento o Sr. Sanchez acepta para o seu grupo o mesmo.

Sen que se produzan máis intervencións, a Presidencia somete a proposta a votación, que resulta aprobada por oito votos a favor e catro abstencións.

Sexto. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía-Presidencia de creación dunha praza de persoal eventual.

A Presidencia da lectura á proposta seguinte, que se transcribe:

“No ámbito local, o persoal eventual, descrito no art. 12EBEP como aquel que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, solo realiza funcións expresamente caulificadas como de confianza ou asesoramento especial sendo retribuído con cargo ós créditos presupostarios consignados para este fin, que rexe para o ámbito local polo disposto no art. 176 TRRL e na LRBRL, concretamente nos seus arts. 104 e 104 bis, cas seguintes características:

-O número, características e tribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación, ó comenzo do seu mandato. Estas determinacións sólo poderán modificarse con motivo da aprobación dos presupostos anuais.

-O nomeamento e cese destes funcionarios é libre e correspondente o Alcalde ou ó Presidente da entidade local. Cesan automaticamente en todo cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento.

-O seu nomeamento, o réxime das súas retribucións e a súa dedicación publicaranse no BOP e Portal da Transparencia.

Tendo en conta o art. 104 da Ley 27/2013, 27 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, corresponde a este Concello a dotación de un posto de persoal eventual, por estar comprendido no ratio de poboación superior a 5000 e non superior a 10000 habitantes.

Visto o artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local, que establece a obriga dos membros das Corporacións Locais, a efectos da súa actuación corporativa, a constituirse en grupos políticos.

No exercicio da atribución establecida artigo 21.1 a. e 21.1 c. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propónse ó Concello Pleno o seguinte

Acordo

Primeiro e único. Aprobar a creación dun posto de persoal eventual, cas seguintes características:

Denominación: Asesor da Alcaldía Presidencia.

Funcións: Funcións de confianza e asesoramento especial.

Titulación exisida :a necesaria para os Grupos A1/A2/C1, según o caso.

Retribucións: 32.000 euros/anuais/14 pagas.

Complemento de destino máximo: A1-28/A2-24/C1-18, según o caso”

**Intervencións que se citan:*

O Sr. Santos non lles importaría a presenza de profesionais pero dí que hai un desfase en gastos de persoal. O considera innecesario e votará en contra.

O Sr. Alcalde dí que é algo previsto na lei e que xa existiu noutras ocasións. Non son gastos en persoal político.

O Sr. Sánchez dí que non está en desacordo co nomeamento de asesores pero que non lle parece lóxico que teña a mesma retribución que os concelleiros de adicación exclusiva. Aínda que non sabemos si realmente é necesario.

O Alcalde repón que a retribución dependerá da súa titulación.

Finalizadas as intervencións, pola Presidencia se somete a votación a proposta, que resulta aprobada por sete votos a favor, catro en contra e unha abstención.

Sétimo. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía-Presidencia de creación da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cerceda.

A Presidencia da lectura a seguinte proposta, que se trascribe a continuación:

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no apartado 7 da súa Disposición Adicional Segunda, introduce unha modificación na composición das Mesas de Contratación consistente no establecemento dun límite no número de membros electos que poden formar parte das mesmas, que non poderá ser superior a un tercio do total. Corresponde ó Concello Pleno a atribución para a constitución da mesa permanente tanto no exercizo das súas atribucións para a creación de órganos desconcentrados, según o artigo 22.2 b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local; como en virtude da aplicación analóxica da apartado 5 da Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que residencia no Plenario a constitución das Xuntas de Contratación.

Este acordo deberá ser obxecto de publicación no Perfil do contratante do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do artigo 21.4 do Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, que segue a estar vixente naquelo que non contradiga as disposicións da nova lei.

En cumprimento pois das atribucións que lle corresponden según o artigo según o artigo 22.2 b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, así como en virtude da aplicación analóxica do apartado 5 da Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, propónse ó Concello Pleno a adopción do seguinte

Acordo

Primeiro. Constituir a Mesa permanente de Contratación Xeral do Concello de Cerceda que estará integrada na Presidencia por don José García Liñares; e o concelleiro don Juan Manuel Rodríguez García, como suplente da mesma.

Serán vocáis da Mesa o Secretario Xeral, don Raúl Martínez Martínez, e a Interventora municipal, dona Pilar Martínez Villar.

A funcionaria municipal, dona Isabel Bermúdez Castro exercerá a secretaría da Mesa, con a tamén funcionaria municipal, dona María Jesús Pereiro García, como suplente.

Segundo. Este acordo será obxecto de publicación no perfil do contratante do Concello de Cerceda e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña."

Sen que se produzan intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta e queda aprobada por oito votos favorables e catro abstencións.

Oitavo. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía-Presidencia para a delegación das atribucións en materia contractual e patrimonial do Pleno na Xunta de Goberno Local.

A Presidencia da lectura á proposta que se trascribe a continuación:

“Dacordo cos artigos 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e 51 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico de las Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o Pleno do Concello pode efectuar delegacións, en todo ou en parte, no Alcalde ou na Xunta de Goberno Local, agás a sinaladas no propio artigo 22.4 da mesma LBRL.

O acordo de delegación, que esixirá a maioría simple, surtirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen perxuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O acordo de delegación conterà o ámbito dos asuntos que á mesma se refira e as facultades concretas que se delegan, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas na medida que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto nese Regulamento.

Considerando que o órgano competente para a aprobar a delegación das súas atribucións conferidas pola Lei é o Plenario da Corporación, ao abeiro do citado artigo 22.4 da LBRL, sométese á aprobación o seguinte

Acordo

Primeiro. Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións como lle corresponden como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, de concesión de servizos e contratos administrativos especiais cando o seu importe supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento municipal e, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior aos catro anos -eventuais prórrogas incluídas-, ou os de duración inferior cando o importe acumulado de tódalas súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio ou a contía sinalada de seis millóns de euros.

Queda expresamente excluída a aprobación de pregos de cláusulas administrativas xerais.

Segundo. Delegar na Xunta de Goberno local as atribucións que lle corresponden como órgano de contratación respecto dos contratos privados, os contratos de concesión de dominio público, a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial e o alleamento do patrimonio, cando o orzamento base de licitación supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto ou o importe de tres millóns de euros; así como a adquisición ou alleamento dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

Terceiro. As delegacións anteriores suxeitaráanse ao seguinte réxime xurídico:

a) Os actos que o órgano delegado dicte no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense dictados polo órgano delegante, correspondendo a este último, en consecuencia a resolución dos recursos administrativos de reposición que poidan interpoñerse.

b) Os asuntos que deban ser sometidos á Xunta de Goberno no exercizo destas atribucións delegadas deberán ser previamente dictaminados pola Comisión Informativa correspondente.

c) O Concello Pleno mantén a atribución para declarar a nulidade ou a lesividade dos contratos cuia atribucións delega mediante este acordo, de acordo co artigo 41.4 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

d) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se diten, en conformidade co que dispón o artigo 9.4 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

e) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de trascendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do ROF.

f) O Concello Pleno poderá revogar en calquer momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas, según o artigo 9.6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

g) O Concello Pleno poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto. Esta resolución será efectiva desde o día seguinte ao da súa adopción e será publicada no Boletín Oficial da provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 51.2 do ROF.”

**Intervencións que se citan:*

Alega o voceiro do Grupo municipal do PP, sr. Santos, que este acordo limita a fiscalización do Pleno, aínda que as sesións da Xunta de Goberno deba ser pública nestes casos. Despoxen de atribucións ao Pleno. Non pode estar en absoluto de acordo.

O Sr. Sánchez di que debe haber máis debate e estos asuntos deben tratarse en Comisión Informativa e nos Plenos.

Contesta o Sr. Alcalde que son razóns operativas a que xustifican este acordo. Contin´ua a fiscalización dos técnicos que é máis dura que ao do Pleno e, en calquera caso, sempre se pode revocar.

Sen máis intervencións, a Presidencia somete a votación a proposta, que resulta aprobada por sete votos favorables e cinco en contra.

Noveno. Dación de conta das resolucións da Alcaldía-Presidencia pola que se nomean Tenentes de Alcalde, vocais da Xunta de Goberno local e outros, así como de creación de áreas de goberno e delegacións conferidas.

Dase conta do Decreto de Alcaldía-Presidencia 540/2019, de 27 de xuño, que se transcribe:

<<De acordo co disposto polo artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en adiante LBRL, os Tenentes de Alcalde e a Xunta de Goberno son órganos de goberno necesarios no Concello de Cerceda.

O artigo 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en adiante ROF, dispón que a Xunta de Goberno estará integrada polo alcalde e os concelleiros que o primeiro nomee libremente. Según o artigo 23.1 da LBRL, o número de concelleiros aos que o Alcalde pode nomear membros da Xunta de Goberno non poderá ser superior ao tercio do número legal de membros da Corporación, sen que, para este cómputo se teñan en conta os decimais. No caso de Cerceda, o número máximo de vogais da Xunta de Goberno -excluído obviamente o Alcalde- é de catro, equivalente á terceira parte dos trece membros da Corporación. Corresponde á Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 23.2 b) da LBRL e o artigo 43.2 do ROF as atribucións que lle delegue a Alcaldía-Presidencia ou outro órgano municipal. Pola súa parte, o artigo 23.3 da citada LBRL e o artigo 46 do ROF, dispón que o alcalde nomea libremente aos Tenentes de Alcalde entre os membros da Xunta de Goberno mediante resolución que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura da resolución, se nela non se dispón outra cousa. Así mesmo, de acordo co artigo 23.4 da LBRL e o 43.3 do ROF o Alcalde pode efectuar delegacións xenéricas das súas atribucións delegables a favor dos membros da Xunta de Goberno, que estarán referidas a unha ou varias áreas ou materias determinadas, delegación que pode abranguer tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Así mesmo, o artigo 52 do ROF dispón que poden ser obxecto dunha soa resolución do alcalde o nomeamento como membro da Xunta de Goberno e as delegacións de atribucións á que fai referencia o artigo 43 do mesmo regulamento.

Por todo o exposto, e en exercizo das atribucións conferidas polo artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co disposto no artigo 44.1 do ROF

Resolvo

Primeiro. Constitución e réxime de sesións da Xunta de Goberno Local:

- i. Constituír a Xunta de Goberno Local e nomear como vogais da mesma aos seguintes concelleiras e concelleiros:*
 - *Don Juan Manuel Rodríguez García.*
 - *Dona Cristina Capelán Cancelo.*
 - *Don Francisco Boquete Cambón.*
 - *Don Jesús Rama Bello.*
- ii. A Xunta de Goberno Local celebrará as súas sesións ordinarias os mércores en semáns alternas ás 13.30 horas. En caso de que fose día inhábil, trasladarase ao día hábil inmediatamente posterior.*

Segundo. Nomear como Tenentes de Alcalde, na orde na que aparecen mencionados aos seguintes concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde: Don Juan Manuel Rodríguez García.

Segunda Tenente de Alcalde: Dona Cristina Capelán Cancelo.

Terceiro Tenente de Alcalde: Don Francisco Boquete Cambón.

Cuarto Tenente de Alcalde: Don Jesús Rama Bello.

Terceiro. Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

- i. A aprobación da Oferta de Emprego Público, das Bases e Convocatoria das probas de selección de persoal e dos procedementos de provisión de postos de traballo.*
- ii. Outorgamento das licenzas e autorizacións de todo tipo urbanísticas, medioambientais, de dominio público e de servizos sobre o territorio.*
- iii. A aprobación e elevación ao órgano ambiental competente dos informes que competen ao Concello segundo a normativa ambiental vixente.*
- iv. Aprobación das convocatorias dos procedementos de concesión de subvencións municipais, así como a resolución dos mesmos.*
- v. Aprobación da devolución dos ingresos indebidos.*

Cuarto. Efectuar a favor dos seguintes concelleiros vogais da Xunta de Goberno as seguintes delegacións xenéricas do artigo 43.3 do ROF das seguintes áreas, conforme dispón o artigo 45 do ROF:

- i. Delegar en don Juan Manuel Rodríguez García a Área de Benestar Social, Igualdade e Participación Cidadá.
Esta delegación abarca a facultade de dirixir e xestionar os servizos municipais correspondentes, incluída a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros.*
- ii. Delegar a favor de dona Cristina Capelán Cancelo a Área de Cultura e Educación.
Esta delegación abarca a facultade de dirixir e xestionar os servizos municipais correspondentes, incluída a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros.*

Quinto. As delegacións anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

- a) Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante -ex artigo 9.4 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público- correspondendo a éste, en consecuencia, a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.*
- b) Os acordos ditados pola Xunta de Goberno en delegación adoptaranse conforme ás súas regras de funcionamento.*
- c) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se diten, en conformidade co que dispón o artigo 9.4 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*
- d) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de trascendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do ROF.*
- e) A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.*
- f) A Alcaldía poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*
- g) O órgano delegado non poderá delegar nun terceiro as atribucións conferidas por delegación.*

Sétimo. Conferir as seguintes delegacións especiais, das previstas nos artigos 44.4 e 44.5 do ROF:

A atribución de representación do Concello de Cerceda, ex artigo 21.1 b) LBRL, ante as seguintes órganos ou proxectos en favor dos concelleiros que se citan:

- CPI Cerceda: Dona M^a del Carmen Martínez Barreiro e, como suplente, dona Cristina Capelan Cancelo.
- CPI A Silva: Dona Catrina Queijo García e, como suplente, dona Cristina Capelan Cancelo.
- Leader: Don Francisco Boquete Cambón e, como suplente, don Jesús Rama Bello.

Oitavo. As delegación do apartado sétimo anterior suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

- a) Estas delegacións limitábase ao exercizo da representación ante ditos órganos e actuarase baixo a supervisión da Alcaldía-Presidencia ou, no seu caso, do concelleiro que ostente a delegación de Área correspondente.
- b) O órgano delegante, así como o concelleiro delegado da Área correspondente conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada.
- c) A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

Noveno. Esta resolución terá efectos desde o día 1 de xullo de 2019 e terá carácter indefinido. Será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do ROF.

Así mesmo, esta resolución será notificada ás persoas interesadas para a súa aceptación, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do ROF, a delegación entenderase aceptada tácitamente se no prazo de tres días hábiles contados desde a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no sentido contrario ante o órgano delegante.>>

Así mesmo, dase conta do Decreto da Alcaldía-Presidencia 545/2019, de 28 de xuño, que se transcribe:

<<De acordo co disposto polo artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en adiante LBRL, os Tenentes de Alcalde e a Xunta de Goberno son órganos de goberno necesarios no Concello de Cerceda.

O artigo 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en adiante ROF, dispón que a Xunta de Goberno estará integrada polo alcalde e os concelleiros que o primeiro nomee libremente. Según o artigo 23.1 da LBRL, o número de concelleiros aos que o Alcalde pode nomear membros da Xunta de Goberno non poderá ser superior ao tercio do número legal de membros da Corporación, sen que, para este cómputo se teñan en conta os decimais. No caso de Cerceda, o número máximo de vogais da Xunta de Goberno -excluído obviamente o Alcalde- é de catro, equivalente á terceira parte dos trece membros da Corporación.

Corresponde á Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 23.2 b) da LBRL e o artigo 43.2 do ROF as atribucións que lle delegue a Alcaldía-Presidencia ou outro órgano municipal.

Pola súa parte, o artigo 23.3 da citada LBRL e o artigo 46 do ROF, dispón que o alcalde nomea libremente aos Tenentes de Alcalde entre os membros da Xunta de Goberno mediante resolución que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura da resolución, se nela non se dispón outra cousa.

Así mesmo, de acordo co artigo 23.4 da LBRL e o 43.3 do ROF o Alcalde pode efectuar delegacións xenéricas das súas atribucións delegables a favor dos membros da Xunta de Goberno, que estarán referidas a unha ou varias áreas ou materias determinadas, delegación que pode abranguer tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Así mesmo, o artigo 52 do ROF dispón que poden ser obxecto dunha soa resolución do alcalde o nomeamento como membro da Xunta de Goberno e as delegacións de atribucións á que fai referencia o artigo 43 do mesmo regulamento.

Por todo o exposto, e no exercizo das atribucións conferidas polo artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co disposto no artigo 44.1 do ROF

Resolvo

Primeiro. Efectuar a favor do seguinte concelleiro vogal da Xunta de Goberno a delegación xenérica do artigo 43.3 do ROF da seguinte área, conforme dispón o artigo 45 do ROF:

Delegar en don Francisco Boquete Cambón a Área de Vida saudable, promoción medio rural, parroquias e comercio.

Esta delegación abarca a facultade de dirixir e xestionar os servizos municipais correspondentes, incluída a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros.

Segundo. Esta delegación suxeitarase ao seguinte réxime xurídico:

- h) Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante -ex artigo 9.4 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público- correspondendo a éste, en consecuencia, a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.*
- i) Os acordos ditados pola Xunta de Goberno en delegación adoptaranse conforme ás súas regras de funcionamento.*
- j) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se diten, en conformidade co que dispón o artigo 9.4 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*
- k) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de trascendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do ROF.*

- l) A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.*
- m) A Alcaldía poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*
- n) O órgano delegado non poderá delegar nun terceiro as atribucións conferidas por delegación.*

Terceiro. Conferir as seguintes delegacións especiais, das previstas nos artigos 44.4 e 44.5 do ROF:

- A do servizo de xuventude, deportes e comunicación en favor de don Jesús Rama Bello.*
- A do servizo de muller, relacións veciñais e voluntariado en favor de dona María del Carmen Martínez Barreiro.*
- A do servizo de festas, feiras e eventos en favor de dona Catrina Queijo García.*

Cuarto. As delegación do apartado sétimo anterior suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

- d) Estas delegacións limítase ao exercizo da representación ante ditos órganos e actuarase baixo a supervisión da Alcaldía-Presidencia ou, no seu caso, do concelleiro que ostente a delegación de Área na que se integre.*
- e) O órgano delegante, así como o concelleiro delegado da Área correspondente conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada.*
- f) A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.*

Quinto. Esta resolución terá efectos desde o día 1 de xullo de 2019 e terá carácter indefinido. Será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do ROF.

Así mesmo, esta resolución será notificada ás persoas interesadas para a súa aceptación, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do ROF, a delegación entenderase aceptada tácitamente se no prazo de tres días hábiles contados desde a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no sentido contrario ante o órgano delegante.

Sexto. Dar conta ó Plenario municipal na primeira sesión que se celebre.>>

A Corporación queda enterada.

E sen máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as oito horas e trinta e tres minutos do día da convocatoria, de todo cal eu, como Secretario, dou fe.

Alcalde
Secretario Xeral
José García Liñares
Raúl Martínez Martínez

0 0